

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitin Rouco (PP)

D. Marco López López (BNG)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Ausentes:

D. Carlos Fernández Louzao (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dez de agosto de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS PLENARIAS ANTERIORES DE DATA 18 DE XUÑO DE 2015 (PLEMO DE ORGANIZACIÓN), 18 DE XUÑO DE 2015 (PLENO EXTRAORDINARIO) E 20 DE XULLO DE 2015 (PLENO

EXTRAORODINARIO). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno dos borradores das actas do epígrafe.

Atopándoas conformes, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-las actas de referencia.

2º.- EXPEDIENTE DE CESIÓN DUN TRAMO DO VIAL DE TITULARIDADE PROVINCIAL Nº: 2607 “ DESDE CRUCEIRO POR PORTOCELO, CAMIÑO DE XOVE AO PORTIÑO DE MORÁS” ACEPTACIÓN DA CESIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo, con data 28 de abril de 2015 que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE CAMBIO DE TITULARIDADE, A FAVOR DO CONCELLO DE XOVE, DUN TRAMO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2607 “DE CRUCEIRO POR PORTOCELO Á DE XOVE Ó PORTIÑO DE MORÁS”

Visto o ditame da Comisión Informativa de Goberno Interior, e Asuntos Xerais do seguinte teor:

“Dáse lectura á proposta en relación co asunto figurado no epígrafe que dí o seguinte:

“Visto o escrito da Alcaldía do Concello de Xove de data 22 de abril de 2014 e de 6 de xullo de 2014 no que solicita a iniciación do correspondiente expediente de cesión de titularidade dun tramo da estrada provincial comprendido entre o P.K. 6,800 e o P.K. 9,935 (entronque co vial nº 2601 “de Xove ó Portiño de Morás”) do vial da Deputación Provincial “nº 2607 desde Cruceiro por Portocelo camiño de Xove ó Portiño de Morás”.

Tendo en conta que o réxime xurídico é o contido na Lei 8/2013 de 28 de xuño de carreteras de Galicia que supera o clásico ámbito da estrada para referirse ó máis amplo de dominio público viario para definir no seu art. 1 o obxecto desta Lei : “La presente Ley tiene por objeto regular el

dominio público viario de las redes de carreteras de titularidad de las entidades locales de su ámbito territorial (...)

A titularidade das propias estradas marca a responsabilidade do Servizo Público viario e das facultades e prerrogativas que acompañan ó exercicio desta titularidade.

Sendo esta Diputación Provincial titular do tramo interesado polo Concello de Xove, o cambio de titularidade realizarase conforme ó teor do art. 9.4 da citada Lei: “Los cambios de titularidad de carreteras o tramos de estas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de estas que estén incluídos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por Decreto de la Xunta de Galicia a propuesta de la Consellería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”. Así mesmo o seu número 5 dispón: “Los cambios de titularidad podrán comprender carreteras, tramos de estas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio publico adyacente”.

Remitada certificación do acordo do pleno Municipal do citado concello de data 9 de febreiro de 2015, polo que ratifica a solicitude de cesión de titularidade dun tramo de estrada provincial comprendido entre o P.K. 6,800 e o P.K. 9,935 (entronque co vial nº 2601 “de Xove ó Portiño de Morás”) do vial da Deputación Provincial “nº 2607 desde Cruceiro por Portocelo camino de Xove ó Portiño de Morás”. Así mesmo se manifesta que a razón da petición desta cesión obedece fundamentalmente á necesidade de facilitar ó Servizo de Costas a realización de obras xa presupostadas consistentes na reparación da escollera do vial na zona de Portocelo.

Consta no expediente informe favorable do Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial desta Deputación Provincial de data 24 de marzo de 2015 que literalmente di:

“Polo Concello de Xove se manifesta que a razón da petición é facilitar a realización de obras na zona de portocelo, e por este Servizo de Vías y Obras non se aprecia inconveniente á cesión do mencionado tramo da vía provincial LU-P-2607 “ de Cruceiro por Portocelo á de Xove por Portiño de Morás”, cunha lonxitude aproximada de 3.135 metros, que discorren polo Termo Municipal de Xove e está comprendido entre o seus actuais puntos quilometricos P.Q. 6,800 (intersección co acceso ó muelle de Portocelo) e P.Q. 9,935 (final actual coa vía provincial LU-P-2601 de Xove ó Portiño de Morás) polo que se emite informe favorable a dita cesión de titularidade.

Tendo en conta o informe favorable da Sección de Patrimonio e Inventario Xeral de 9 de abril de 2015, á solicitude de cambio de titularidade do referido tramo de estrada provincial a favor do Concello de Xove.

Por imperativo legal, contido no nº 4 do Art. 9 da Lei 8/2013 de 28 de xuño de Carreteras de Galicia o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia, previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos daráse conta do acordo plenario provincial ó Concello de Xove para a súa aceptación, se procedese, polo Pleno Municipal. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de carreteras.

De conformidade ó exposto esta presidencia propón ó Pleno:

Primeiro.- Aceptar o cambio de titularidade do tramo da estrada provincial entre o P.K. 6,800 e o P.K. 9,935 (entronque co vial nº 2601 “de Xove ó Portiño de Morás”) do vial da Deputación Provincial “nº 2607 desde Cruceiro por Portocelo camino de Xove ó Portiño de Morás”.

Segundo.- Remitir este acordo ó Concello de Xove para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidade do referido tramo da estrada provincial.

A Comisión informativa de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por unanimidade acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevada ó pleno se procede”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Aberto o debate, polo Sr. López López Manifestase que o BNG por coherencia co manifestado na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de febreiro vai seguir absténdose por considerar que a petición desta cesión supón un agravio compativo cos veciños afectados por outros viais da Deputación en moito peor estado de conservación.

Polo Sr. Alcalde manifestase que non é entendible a postura do BNG, xa que tal e como se explicou na sesión de 9 de febreiro a razón desta solicitude de cesión é simplemente facilitar a execución dunhas obras de seguridade vial (reparación da escollera) e facilitar a realización da obra do Camiño do Cantábrico xa que a Deputación negábase a dar os permisos preceptivos para que o Servizo de Costas executara as obras.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde manifestando que o Concello de Xove por razóns obvias non ten interés ningún en asumir viais de outras administracións, engadindo que ante o feito de que a Deputación Provincial non so non invertía na conservación das súas carreteras senón que poñía atrancos ás inversións previstas por outras administracións, ó Concello de Xove non lle quedou máis remedio que solicitar a cesión de referencia.

Polo Sr. López López manifestase que dos datos do expediente non se aprecia que o goberno anterior da Deputación Provincial puxera os atrancos dos que fala o Sr. Alcalde, xa que a aceptación da cesión ven asinada por Lara Méndez, Vicepresidenta do anterior goberno provincial.

Polo Sr. Alcalde contéstase que o razoamentos do Sr. López López rozan o absurdo, xa que o anterior goberno provincial o que nunca fixo foi invertir na conservación e mellora dos seus viais en Xove, pero lóxicamente estaba encantado coa posibilidade de endosar a titularidade de todos eles ó Concello de Xove.

Rematado o debate, o concello Pleno cos votos favorables dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP), D^a Ana María Abad López (PP), D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP), D. José Manuel Balseiro Canoura (PP), D^a M^a Rosario Balseiro López (PP), D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP) e D. Manuel Angel Meitin Rouco (PP) que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e coa abstención dos Sres. D. Marco López López (BNG) e D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG), acorda aceptar a cesión do tramo de estrada provincial comprendido entre o P.K. 6,800 e o P.K. 9,935 (entronque co vial nº 2601 “de Xove ó Portiño de Morás”) do vial da Deputación Provincial “nº 2607 desde Cruceiro por Portocelo camino de Xove ó Portiño de Morás”.

3º) SOLICITUDE DIRIXIDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL INTERESANDO A DESIGNACIÓN DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA O EXERCICIO DAS FUNCIÓNS DE TESOURERÍA E RECADACIÓN (DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA DA LEI 18/2015 DO 9 DE XULLO, POLA QUE SE MODIFICA A DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA DA LEI 27/2013, DE 27 DE DECEMBRO). ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dase conta e explicase ao Concello Pleno o contido do disposto na Disposición Final Segunda da Lei 18/2015 do 9 de xullo, pola que se modifica a Disposición Transitoria Sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro.

Como quera que o Concello de Xove, cuia poboación non acada nin os 20.000 habitantes dos que fala a disposición referenciada nin tan sequera os 5.000 habitantes, non ten posibilidade de que as funcións de tesourería e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, nin con carácter definitivo, provisional, acumulación ou agrupación xa que en toda provincia de Lugo somentes a capital, o Concello de Lugo, supera os 20.000 habitantes.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda dirixirse á Deputación Provincial para que ditas funcións sexan exercidas por funcionarios de carreira da Deputación Provincial de acordo co previsto no Art. 36 da Ley 7/1985 de 2 de Abril.

Igualmente o concello Pleno acorda poñer en coñecemento da Deputación Provincial que no caso de non resultar posible, ditas funcións poderían ser exercidas por un funcionario de carreira do propio Concello de Xove, quen tal e como sinala a Disposición citada, actuaría baixo a coordinación de funcionarios do Grupo A1 da Deputación Provincial.

4º.- INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DURANTE O 2º TRIMESTRE DE 2015(LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL). DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta ó concello pleno do informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

5º.- MOCIÓN DO G.M. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (RE2738 DE 04.08.2015) INTERESANDO A APERTURA DOS BAÑOS DAS PRAIAS DO CONCELLO DURANTE OS MESES DE XUÑO E SETEMBRO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. López López (BNG) dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

Marco López López, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

No ano 2011, desde o Bloque Nacionalista Galego amosamos publicamente a nosa preocupación polo recorte padecido en Xove no servizo de socorristas que velan pola seguridade dos bañistas nas nosas praias. Naquela altura rexeitamos a decisión política de reducir o tempo que traballaban estes profesionais durante o verán, limitando a duración do seu contrato unicamente aos meses de xullo e agosto, cando até ese momento este servizo fundamental tamén se desenvolvía en xuño e setembro.

Aínda así, e a pesar de que este servizo continúa a se realizar só ao longo de dous meses, moitas persoas tanto do noso concello como doutros municipios veciños, acoden a desfrutar das nosas praias tanto en xuño coma en setembro, meses nos que se atopan cos aseos pechados debido á ausencia de socorristas nos areais.

*Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:
Instar ao Goberno municipal a que teña en conta esta situación, facilitando a apertura dos aseos das nosas praias durante os meses de xuño e setembro.*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o grupo de goberno vai votar en contra da aprobación da moción transcrita pola sinxela razón de que hai anos que os baños das praias se abren polos vixiantes municipais durante os meses de xuño a setembro, loxicamente cando hai bo tempo.

Polo Sr. López López manifestase que polas informacións facilitadas ao Grupo Municipal do BNG por algúns veciños non é certo o manifestado polo Sr. Alcalde, xa que os baños das praias durante varios días do pasado mes de xuño estiveron pechados, o que xerou protestas.

Polo Sr. Alcalde reiterase que os días que fai bo tempo, os baños están abertos, engadindo que non teñen sentido as protestas das que fala o BNG.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que o que non vai facer o Concello é abrir os baños porque algún usuario lle apeteza facer unha churrascada nas áreas recreativas das praias.

Rematado o debate, o concello Pleno cos votos dos Sres. D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP), D^a Ana María Abad López (PP), D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP), D. José Manuel Balseiro

Canoura (PP), D^a M^a Rosario Balseiro López (PP), D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP) e D. Manuel Angel Meitin Rouco (PP) acorda rexeitar a aprobación da moción do epígrafe.

Os Sres. D. Marco López López (BNG) e D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG), votan a favor.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

1º) ROGO DO BNG.

Por Secretaría dáse lectura ó rogo por escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG (RE 2737) que a seguir se transcribe integramente:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o ROGO que segue:

Hai preto de catro anos aprobouse por unanimidade desta cámara municipal unha moción do grupo nacionalista, debatida na sesión ordinaria celebrada polo pleno do Concello o 17/10/2011, coa que se pretendía coutar a pegada indiscriminada de carteis en cada proceso electoral pola mala imaxe que se daba da nosa localidade. Esta decisión unánime foi respectada por todas as formacións políticas con representación institucional en Xove até o de agora, agás nas eleccións municipais que tiveron lugar o pasado mes de maio.

Desde o BNG queremos amosar o noso desconcerto pola actitude do PP por seren incapaces de cumprir os acordos aprobados no pleno e desexamos manifestar o noso pesar pola eliminación unilateral desta boa medida á primeira de cambio. Entendemos, tamén, que este non é o mellor exemplo que deben dar as institucións públicas á cidadanía xa que unha administración non pode moralmente esixirle o cumprimento das normas á veciñanza se o Goberno municipal despreza as súas propias regulacións.

Os nacionalistas entendemos que esta irresponsabilidade do PP local provoca que os carteis electorais se manteñan varios meses, e incluso anos, pegados polos muros e valados. Isto responde a un modelo obsoleto de ausencia de compromiso cos valores medioambientais e estéticos que non debe ter cabida no noso municipio.

Por todo isto, ROGAMOS:

Que de agora en diante o PP de Xove cumpra o acordo plenario recollido na acta do día 17/10/2011 colocando a propaganda electoral nos lugares debidamente indicados e sinalados polo Goberno local, co obxectivo de darmos unha imaxe moderna e civilizada, facendo de Xove un municipio atractivo e coidadoso coa nosa contorna.

Polo Sr. Alcalde contestase que o Grupo de Goberno acepta o rogo, máis sinalando que o BNG de Xove parece que ve a palla no ollo alleo e non ve a viga no propio, xa que nas últimas eleccións colocou unha pancarta ben grande no paso elevado de FEVE.

1º) PREGUNTA DO BNG.

Polo Sr. López López preguntase ó Sr. Alcalde senón sería necesario, ante as proporcións que está a tomar o problema da vispa asiática ou velutina que o concello tomara medidas para intentar deter ou polo menos paliar o problema, como podería ser a contratación de persoal especializado na retirada e destrución de niños.

Polo Sr. Alcalde contestase que o protocolo de actuación vixente que se inicia cunha simple chamada ó 112 está funcionando de momento de forma correcta, xa que os niños de vispa asiática estanse a retirar nun prazo non superior ás 48 horas desde que se produce o aviso.

Engade o Sr. Alcalde que no caso de que este sistema fora insuficiente, se adoptarían outras medidas de reforzo na loita contra esa praga que está a afectar a tódolos concellos da Mariña.

2º) PREGUNTA DO BNG.

Polo Sr. López López preguntase ó Sr. Alcalde se vai adoptar ou solicitar que se adopten medidas urxentes contra a praga da herba da pampa, tendo en conta que xa apareceu en lugares tan emblemáticos do concello como a praia de Esteiro.

Polo Sr. Alcalde contestase que de forma urxente se porá en contacto co Servizo de Costas, xa que dita praia é zona protexida e non se pode actuar sen a preceptiva autorización dese servizo.

3º) PREGUNTA DO BNG.

Polo Sr. López López preguntase ó Sr. Alcalde cales foron os procedementos de selección do persoal que está atendendo diversos servizos, como o da Oficina de Turismo e os programas “Mañás activas” e “Xove concilia”.

Polo Sr. Alcalde contestase que o persoal da oficina de Turismo seleccionouse a través dunha convocatoria pública realizada por medio do Servizo Público de Emprego, engadindo que as aspirantes estiveron previamente de acordo en que as prazas se repartiran entre catro, solución que o Concello entendeu razoable .

As persoas que atenden o programa “Mañás activas” é persoal do voluntariado e a prestación do programa “Xove concilia” contratouse polo Concello coa empresa especializada SENES CIT S.L. a cal solicitou información do persoal co perfil axeitado inscrito na bolsa municipal de emprego.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo

